

CAMINHO, O NOVO SINXELO DE QUINKILLADA QUE PROFUNDIZA NO LADO MÁIS ÍNTIMO DA BANDA

OS DO MORRAZO CAMBIAN DE REXISTRO E APOSTAN DESTA VEZ POR UN
TEMA MÁIS LENTO E REFLEXIVO

ESTE SÁBADO 2 DE MAIO TERÁ LUGAR O SEU CONCERTO DE COMEZO DE
XIRA, CON ENTRADAS Á VENDA EN [ENTRADIUM.COM](https://entradium.com)



Bueu, 30 de abril de 2026. A banda murracense Quinkillada racha os seus esquemas musicais con [Caminho](#), un tema que versa sobre a superación persoal e que permite coñecer unha visión máis intimista e persoal da banda, con ritmos máis lentos dos que teñen acostumados ao seu público, mergullándose en retrosos de música urbana lenta que derivan en ventos máis animados, creando unha sensación de que o tema vai medrando co paso dos segundos. Esa composición estrutural non é aleatoria, xa que é unha representación musical dese crecemento persoal que fai que vaias superando os obstáculos da vida.

[Caminho](#) pon o foco nas dificultades persoais que atravesamos na nosa vida, e, dende un enfoque persoal, a banda rebusca no seu interior para ofrecer un novo sinxelo que contrasta no musical e no letrístico co resto de traballos da banda. Unha nova cara que expón a versatilidade da banda que leva presentados neste ano os sinxelos [Os reis do lugar](#) e [Quinkirumba](#).

COMEZO DA XIRA *ENTRE CUMBIAS E RUMBAS*

Quinkillada porá o punto de partida da súa nova *xira Entre Cumbias e Rumbas* cun concerto especial na sala Adro de Cangas este sábado 2 de maio. O show terá lugar a partir das 22:00 e servirá para celebrar o quinto aniversario da banda, que ten preparado un directo cheo de momentos inesquecibles que levarán polas distintas festas, festivais e salas, para convertelas en torreiros cheos de baile e moita diversión. As entradas están xa dispoñibles en entradium.com.

Polo momento, os festivais confirmados son o **SonRías Baixas**, un dos máis importantes do verán galego, e no que xogarán na casa, así como o festival **Asalto ao Castelo** (Vimianzo) e **Festival de la Luz** (Boimorto).



XIRA - ENTRE CUMBIAS E RUMBAS - 2026

QUINKILLADA

2 Maio Sala O Adro Cangas
13 Xuño [redacted]
3-4 Xullo Asalto ao Castelo Vimianzo
23 Xullo [redacted]
30 Xullo -1 Agosto SonRías Baixas Bueu

8 Agosto - [redacted]
28-30 Agosto Festival da Luz Boimorto
30 Agosto [redacted]
5 Setembro [redacted]
máis datas por anunciar

PlayPlan

LÓ-TREGO

PRIMEIRAS DATAS XIRA *ENTRE CUMBIAS E RUMBAS*

02/05 · O Adro · Cangas | [ENTRADAS](#)

03-04/07 · Asalto ao Castelo · Vimianzo | [ENTRADAS](#)

30/07-01/08 · SonRías Baixas · Bueu | [ENTRADAS](#)

28-30/08 · Festival de la Luz · Boimorto | [ENTRADAS](#)

MÁIS SOBRE QUINKILLADA

Transitando xéneros como a cumbia, o rock, o ska e os ritmos máis bailables, Quinkillada é o grupo que sintetiza a alma da festa galega. Combinando nas súas composicións tons festivos, populares e reivindicativos, a banda constrúe o seu legado a base de músicas enérxicas, auténticas e, sobre todo, bailables. Dende os torreiros das festas máis populares ás tarimas das salas e festivais máis importantes, Quinkillada é capaz de transformar calquera contexto nunha pista de baile.

Cunha carreira meteórica ás súas costas, a banda morracense xa conta con máis dun centenar de concertos no seu haber, levando o seu bo rolo a grandes festivais galegos como OurenSound, Festival de la Luz, Castañazo ou Armadiña Rock. A súa música chegou tamén ás grandes salas de concertos do estado, con actuacións nas míticas Razzmatazz de Barcelona ou Capitol de Santiago de Compostela.

Con xa tres discos publicados, acumulando centos de milleiros de reproducións en plataformas, a banda traballa en novos horizontes aos que levar a súa festa de guitarras, ventos e diversión. A verbena galega busca expandirse e chegar a todas partes envolta na súa música.

[Acceso ao PressKit de Quinkillada](#)

CONTACTO DE PRENSA QUINKILLADA

Rodri Míguez | +34 986 903 509 ext. 221
comunicacion@playplan.es

MANAGEMENT QUINKILLADA

Andrés L. PlayPlan - +34 986 903 509 ext. 200
contratacion@playplan.es
www.playplan.es

